

Proceso selectivo, convocado por acordo do Comité Executivo da Fundación USC, M.P., do 9 de febreiro de 2024 (publicado por resolución da Xerencia da Fundación, do 12 de febreiro de 2024) para a contratación laboral dun coordinador/a do servizo de limpeza pola Fundación USC, M.P.

RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DUN COORDINADOR/A DO SERVIZO DE LIMPEZA POLA FUNDACIÓN USC, M.P., POLA QUE SE PUBLICA O ACORDO COA PROPOSTA PROVISIONAL DAS PUNTUACIÓNS DA FASE I E FASE II DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Reunida na data do 28 de maio de 2024 a comisión de valoración do proceso referido no encabezamento, e unha vez rematadas as fases 1 e 2 da proba prevista na base 9 das bases reguladoras, procedeuse á deliberación e valoración da proba antedita, adoptándose os seguintes **ACORDOS**:

1º.- Publicar as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes do proceso selectivo correspondentes as fases 1 Valoración de méritos e fase 2 Entrevista, dando cumprimento ao disposto no parágrafo primeiro da base 10 que prevé a publicación da proposta provisional dos/as candidatos/as que superaron a devanditas probas e, coas puntuacións acadadas en cada unha das fases que integran a mesma, e consonte ao disposto na acta da sesión celebrada o pasado 28 de maio de 2024.

Nos anexos I e II á presente resolución reflíctese, respectivamente, a información anterior para as fases 1 (valoración de méritos) e 2 (entrevista).

2º.- Informar, ao abeiro do parágrafo segundo da base 10, da apertura do prazo de reclamación de tres (3) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Fundación USC, M.P. As reclamacións deberán dirixirse á comisión de valoración e presentarse a través dos mesmos medios sinalados para a presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Óscar Hermida Otero
Presidente da comisión de valoración

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE nº 236, do 02/10/2015).

– Anexo I –

Fase 1. Valoración de méritos

Proposta provisional de puntuacións dos aspirantes na **Fase 1** do proceso selectivo.

Valoración efectuada consonte aos criterios de baremación previstos na base 9 das bases reguladoras (publicadas por resolución do 12/02/2024). Disponse nas bases que esta primeira fase será cualificada de 0 a 70 puntos.

Apellidos e nome	DNI	Experiencia relacionada (máx.50p.)	Formación académica (máx.15p.)	Coñecemento certificado galego (máx.6p.)	Total
Núñez Rodríguez, Noris	****4691*	0,00	0,00	4,00	4,00
Pereira Montoiro, Noelia	****8711*	0,00	1,18	4,00	5,18
Pérez Ríos, Fernando José	****4045*	12,94	2,33	4,00	19,27
Taboada Rial, Nieves	****6882*	0,00	3,10	4,00	7,10
Vázquez Vázquez, Raúl	****8214*	0,00	0,36	4,00	4,36

– Anexo II –
Fase 2. Entrevista

Proposta provisional de puntuacións dos aspirantes na **Fase 2** do proceso selectivo.

Valoración efectuada consonte aos criterios de baremación previstos na base 9 ⁽¹⁾ das bases reguladoras (publicadas por resolución do 12/02/2024) e consonte ao disposto no acordo ⁽²⁾ da comisión de valoración do 15/05/2024 (publicado por resolución do 15/05/2024). Dispónse nas bases que esta segunda fase será cualificada de 0 a 30 puntos.

Os aspirantes Noelia Pereira Montoiro e Raúl Vázquez Vázquez non concorreron á fase 2 do proceso.

Criterios	Aspirante	Aspirante	Aspirante
	Noris Núñez Rodríguez	Fernando José Pérez Ríos	Nieves Taboada Rial
	MOTIVACIÓN	MOTIVACIÓN	MOTIVACIÓN
1.- O coñecemento do sector da limpeza de edificios e locais, dos edificios que compoñen os campus universitarios e os diferentes tipos de limpeza a aplicar (ata un máximo de 10 puntos).	Identifica tipoloxía de edificios. Respecto dos medios materiais dice que non entende moito de limpeza, se ben menciona algúns medios materiais. Falta de concreción na descrición do nivel de servizo esixido nun elemento sobre o que se lle pregunta. Non concreta frecuencias horarias sobre os elementos sobre os que se lle pregunta; fai mención a aqueles sobre os que a aspirante ten experiencia.	Identifica tipoloxía de edificios. Enumera tipoloxía de maquinaria e medios materiais dun servizo de limpeza. Falta de concreción na descrición do nivel de servizo esixido nun elemento sobre o que se lle pregunta. Concreta frecuencias horarias sobre os elementos sobre os que se lle pregunta.	Identifica tipoloxía de edificios. Identifica medios materiais propios da limpeza pero nun sector de actividade diferente ao sector da limpeza. Falta de concreción na descrición do nivel de servizo esixido nun elemento sobre o que se lle pregunta. Fanta de concreción das frecuencias horarias sobre os elementos sobre os que se lle pregunta.
PUNTUACIÓN criterio 1	3,0	5,6	4,6
2.- A resolución de problemas e conflitos na xestión de persoal, dirección de equipos, habilidades comunicativas e planificación do persoal (ata un máximo de 10 puntos).	Falta de concreción na xestión de conflitos e no tipo de dirección: xestiona horarios e asigna e supervisa tarefas, pero non detalla funcións de dirección e escala os conflitos ao superior que é quen os resolve. Decoñecemento das particularidades que neste eido poidan darse nun servizo de limpeza como o da Fundación.	Estratexia conciliadora na resolución de conflitos sen prexuízo da necesidade, comenta, de imposición cando sexa preciso. Dirección de equipos en plano de igualdade, sen xerarquías. Decoñecementos das particularidades que neste eido poidan darse nun servizo de limpeza como o da Fundación.	Amosa ter algunha experiencia na xestión de conflitos e dirección de equipos de traballo aínda que cunha tipoloxía de persoal diferente en idade (persoal xove) ao persoal do servizo de limpeza da Fundación, coas particularidades que isto conleva. Enumera diversos problemas que, ao seu entender, poden ser frecuentes neste sector derivados principalmente do dimensionamento da plantilla (solapamiento de tarefas, etc.).
PUNTUACIÓN criterio 2	1,4	2,2	3,7
3.- Os coñecementos na xestión de prevención de riscos laborais, coordinación de actividades empresariais e negociación colectiva (ata un máximo de 10 puntos).	Non responde con solvencia á xestión de trámites en caso de accidentes laborais. Vagos coñecementos en materia de PRL.	Enumera pasos a seguir en caso de accidentes laborais pero sen amplos coñecementos. En materia de PRL menciona algunhas obrigas (formación, revisión maquinaria, ropa de traballo, etc.) pero descoñece os riscos propios do sector da limpeza.	Enumera pasos a seguir en caso de accidentes laborais pero sen amplos coñecementos. Identifica riscos no sector da limpeza e concreta algunhas obrigas (formación, plan de prevención de riscos, diferenciación dos EPIS, etc.).
PUNTUACIÓN criterio 3	2,2	2,4	3
PUNTUACIÓN «FASE 2. ENTREVISTAS»	6,6	10,2	11,3

⁽¹⁾ Consonte á base 9, finalizada a fase 1, a comisión de valoración publicará os criterios da entrevista con carácter previo á súa realización. Versará sobre os aspectos da traxectoria profesional e os coñecementos que posúe a persoa aspirante e con aquelas competencias necesarias para o desenvolvemento do posto de traballo obxecto da convocatoria.

⁽²⁾ Desagregación dos 30 puntos: Criterio 1. Coñecemento do sector da limpeza de edificios e locais, dos edificios que compoñen os campus universitarios e os diferentes tipos de limpeza a aplicar (máximo de 10 puntos). Criterio 2. Resolución de problemas e conflitos na xestión de persoal, dirección de equipos, habilidades comunicativas e planificación do persoal (máximo de 10 puntos). Criterio 3. Coñecementos na xestión de prevención de riscos laborais, coordinación de actividades empresariais e negociación colectiva (máximo de 10 puntos).